

# **PROXECTO DIDÁCTICO DE TRABAJO PARA A SEMANA DAS LETRAS GALEGAS.**

## ***“ INVOLÚCRAME E APRENDO.”***

Ramón Piñeiro: “... a lingua é o elemento definidor dun pobo.”

### **PROXECTO: COMO CELEBRARÍA RAMÓN PIÑEIRO A SEMANA DAS LETRAS NO SEU POBO DE LÁNCARA?**

#### **1.- Introducción do proxecto**

##### **QUEN INTRODUCE O PROXECTO?**

Toda festa galega sempre é preparada por uns ramistas en colaboración co resto do pobo. Neste caso os alumnos/as de 1º e 2º de ESO serán os encargados de preparar todo o necesario, é dicir serán os ramistas.

Aaaaah! Pero temos que organizalo en nome do homenaxeado deste ano : Ramón Piñeiro.

Entón ...que sabemos de Ramón ? que sabemos de Lánacara?

##### **COMO INTRODUCIMOS O PROXECTO?**

Os alumnos/as investigarán sobre a vida e a obra de Ramón Piñeiro e sobre Lánacara . Como ?

- Perfil biográfico de Ramón Piñeiro.
- Visualización do vídeo : olladas sobre Ramón Piñeiro. ( colgado na rede )
- Álbum de fotos de Lánacara
- Recompilación de noticias dos xornais.

#### **2.-Perfil de Ramón Piñeiro.**

Ramón Piñeiro naceu en Armea , no concello de Lánacara , provincia de Lugo , o día 31 de maio do ano 1915. Os seus pais era Salvador Piñeiro García e Vicenta López Fernández.

O seu pai Salvador viviu de mozo en Madrid, onde conseguiu unha importante cultura . Foi na capital de España onde coñeceu a súa muller Vicenta, veciña da parroquia de A Pedreira, que daquela vivía tamén en Madrid na casa dun irmán .

Casaron e volveron para Armea onde construíron a súa casa familiar, aínda que non a puideron rematar por falta de cartos.

Tiveron cinco fillos Pepita, Ramón, Consuelo que vive a día de hoxe na casa familiar de Armea, Sara que reside en Santiago e que mentres viviu Ramón, moraba na súa casa e tivo a sorte de compartir as múltiples viaxes que Ramón fixo polo mundo e Anibal que vive en Becerreá, xubilado da súa empresa de autobuses “ PIÑEIRO” pero que segue a viaxar coa súa imaxinación e vivencias polo mundo soñado coa súa familia e en especial co seu irmán Ramón.

Salvador traballaba no concello de Láncara de escribinte ( daquela había que escribir a man todo ...) aínda hoxe hai veciños/as do lugar que lembran o ben que escribía Salvador, pois nunha ocasión foi dar clase á escola de Toubille e os seus alumnos puideron comprobar o ben que escribía o seu mestre.

Vicenta emigrou a Arxentina de ama de cría. Cando chegou alá déronlle a nova de que a nena que apenas nada deixara aquí morrera. Estivo alá tres anos e cando regresou remataron a súa casa de Armea.

Ramón foi primeiro á escola de San Pedro de Láncara. A ler aprendéronlle os seus pais, a escribir non, porque dicían que os nenos non debían aprender a escribir antes de tempo xa que deformaban a letra. Como non lle deixaban escribir na lousa ou no papel, el facíao ás agachadas na terra húmida cun pauciño de madeira.

Máis tarde foi á escola a Carracedo e fixo o bacharelato elemental en Lugo, onde xa estaba a súa irmá maior. Cando rematou, deixou os estudos e veu para a casa.

Lía moitos xornais entre eles *El Progreso*, pois na súa casa recibía dito xornal todos os días. Ía á misa todos os domingos e á saída, no adro da igrexa, contaba aos veciños e mozos da parroquia o que lera sobre Galicia durante toda a semana.

Estivo traballando en Sarria no almacén de Pedro Cortiñas que era moi amigo do seu pai. Pola semana vivía coa familia Cortiñas e subscribiuse a *El Correo Gallego*, xornal polo que sentía devoción, pois traía moitas novas relacionadas con Galicia e o galeguismo.

Un día, cando levaba a correspondencia ao tren estando en Cortiñas, tivo a oportunidade de coñecer a Castelao e a Otero Pedrayo, pois baixaron do tren en Sarria ao chegar á estación. El estivo a unha certa distancia mirándoos, porque xa tiña referencias deles pola prensa .

Colleu sona de ser moi intelixente e Cortiñas recomendou ao seu pai que debía retomar os estudos. Fíxoo en Lugo no Instituto Masculino e é aquí onde se fai máis forte a súa inclinación polo galeguismo e coñecerá a moitos políticos galeguistas cos que fai amizade.

Viña de visita a Armea e o ambiente da aldea aburríao; iso si, gustáballe a conversa coa xente. Gozaba comendo os chourizos pero ...logo sufría bastante xa que padecía úlcera de estómago.

Cando chegaron as eleccións antes da Guerra Civil, no ano 35, organizou a campaña electoral na Armea. Aos escureceres os rapaces reuníanse diante da casa para charlar e preparar a campaña electoral.

Participa na Guerra Civil. Ao rematar esta, foi para Santiago a retomar a carreira de Filosofía e Letras; logo rematouna en Madrid. Un día quedou cuns amigos nun bar da Gran

Vía madrileña e, ao chegar, estaba a policía esperándoo na porta para levalo detido. No rexistro domiciliario atoparon cartas dos galeguistas, prendérono e xa non puido exercer a súa carreira. Estivo tres anos na cadea sen permisos e sen nada.

Ao saír do cárcere case non vía nada e operouse en Valdecilla (Santander) de cataratas. Logo marchou traballar á editorial Galaxia con Casares. Cando morreu era o presidente do Consello da Cultura Galega.

Ramón casou con Isabel ( "Isa " ) en Asturias. Isa era enfermeira, apoiaba moito a Ramón e morreu un ano antes ca el. De todas as viaxes que facía traía algo para a súa familia.

Algúns dos seus mellores amigos foron Carlos Casares, Isac Díaz Pardo e Basilio Losada.

Na década dos 50, Piñeiro participou activamente na disolución do Partido Galeguista, e na creación da Editorial Galaxia, que comezou, en plena ditadura franquista, a publicar libros na nosa lingua, sobre asuntos relacionados coa sociedade e cultura galega. Piñeiro dirixiu a editorial e traballou nela até 1966. Alí publicou en 1953, xunto con outros autores, *A Saudade*, ensaios.

A súa obra non é moi abundante, e céntrase, na súa totalidade, no que se deu en chamar "filosofía da saudade". Así, a comezos dos 80, publicou *Siñificado metafísico da saudade, notas pra unha filosofía galaico-portuguesa* e *Filosofía da saudade*. Tamén destacan as súas traducións, en colaboración con Celestino Fernández de la Vega, das obras de Pokorny e Heidegger, que supuxeron no seu momento, segundo a RAG, "un paso decisivo na normalización do galego como lingua con capacidade para expresarse en todos os campos do saber, superando a súa cualificación como lingua "rural e poética" na que a tiñan encadrada moitos intelectuais españois da posguerra.

Tamén desenvolveu un importante labor ensaístico (recollido parcialmente nos libros *Olladas no Futuro, Galicia, A Linguaxe e as linguas* e *Lembrando a Castelao*), onde reflectiu o seu pensamento, salientando a necesidade da reafirmación cultural de Galicia como camiño fundamental para a súa realización como pobo.

A RAG tamén destacou o seu labor como "promotor da normalización da lingua galega nos anos difíciles da posguerra".

## **RECOÑECEMENTOS**

En 1985 Piñeiro recibiu a Medalla Castelao. Tamén foi académico da RAG (ingresou en 1967) e primeiro presidente do Consello da Cultura Galega (elixido en 1983). Ademais, participou activamente na redacción da primeira Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

Faleceu en 1990, con 75 anos, o 27 de agosto, día do san Vitorio en Baralla, e tres anos máis tarde creábase o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, institución que pasou a se chamar Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en 1997.

### 3.- PROXECTO DE TRABALLO PARA A SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

Os alumnos de 1º e 2º de ESO reciben o poema de Rosa Aneiros como elemento motivador “Son optimista”

#### 3.1.- ESTRATEXIAS DE PRESENTACIÓN AO RESTO DO ALUMNADO.

Os alumnos de 2º e 1º da ESO falan entre eles e organizan as diferentes colaboracións por parte dos veciños ( como lle gustaba a Ramón Piñeiro), neste caso as diferentes clases, dende educación infantil e primaria.

Xa que Ramón Piñeiro se comunicaba por carta con todos os seus amigos e coñecidos eles farán o mesmo con todos os veciños da parroquia, neste caso as diferentes clases

Os nenos /as de educación infantil recibirán unha carta postal convidándoos a participar na festa das letras

**3- 4 anos** -A postal haberá que pintala se queren asistir á festa.



**5 anos** – Pintarán a postal e aprenderán un pequeno poema de Rosalía, pois Ramón dicía que “ Rosalía de Castro é o símbolo de todos cantos se esforzaron e loitaron por conservar a nosa lingua”



Os nenos de 1º 2º 3º ciclo de Primaria recibirán unha carta cunha pequena historia onde se explica o porqué da festa do noso pobo o 17 de maio. Pero falta a ilustración que deberán facela eles.

### **Por que o 17 de maio?**

Había unha vez... unha mociña que se chamaba Rosalía, e que vivía, aló polo ano 1853, en Santiago de Compostela cabo da súa nai. A Rosalía gustáballe moito a música, debuxar, xogar e ler.

Cando tiña os seus quince anos ía pasar o tempo libre ó chamado “Liceo de la Juventud “. Alí relacionábase cos rapaces que frecuentaban aquel lugar, e digo rapaces porque non era moi habitual ver mulleres por alí. Supoño que no Liceo comentaba libros, quizais pintase , representaba obras de teatro, que seica lle gustaba moito e falaba cos amigos...

Pasaron uns anos. Rosalía foi vivir a Madrid. Alí casou cun mozo chamado Manuel, tivo cinco fillos... e sabedes que facía no seu tempo libre? Pois claro! Debuxaba, mais tamén escribía. Viviu en moitas cidades diferentes antes de volver a Galicia, e por iso botaba en falta a súa Terra e comezou a escribir sobre ela.

Escribiu na fala que utilizaba cos seus amigos e veciños de Ortoño e Padrón cando vivía alí de pequena.

Ó seu home gustáballe ben o que a súa muller escribía, e sen que ela soubera nada un día levou os poemas a un prelo de Vigo.

Cando estaba o libro preparado, deullo a Rosalía para que lle puxese o limiar e maila dedicatoria. Así o fixo, e como data puxo o 17 de maio porque era o aniversario de Manuel.

Desde entón moitos homes e mulleres escribiron en galego.

Para agradecerlles a estes autores os seus poemas, os seus contos e o seu agarimo por Galicia, decidiuse dedicar un día do ano ás “LETRAS GALEGAS “. A data elixida foi aquela que figuraba na primeira páxina de *Cantares Gallegos*: o 17 de maio.

E... así, o 17 de maio de 1963 foi a primeira celebración do día das Letras Galegas, que se lle dedicou a Rosalía de Castro, cen anos despois da publicación do seu libro.

Este ano 2009 dedícaselle a **Ramón Piñeiro**

### **3.2.- ESTRATEXIAS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS..**

Carta explicando o proxecto que imos desenvolver (feita polo alumnado e profesorado ) e a axuda que precisamos.

Panel informativo na porta da aula e na entrada do centro.

### **3.3- ORGANIZACIÓN. PLAN DE ACCIÓN**

ORGANIZACIÓN. PLAN DE ACCIÓN.

Cómpre:

- Un lugar para seguir o proxecto, podemos colocar un papel continuo que se vai enchendo a medida que se vai desenvolvendo o proxecto.
- Agrupamentos para realizar as actividades, neste caso serán os distintos cursos dende educación infantil ata 2.º da ESO.

Os tempos destinados a cada actividade.

QUE QUEREMOS FACER?

Queremos unha festa para promover o noso pobo e a nosa lingua.

Queremos participar todos.

Queremos facelo imaxinando o que faría Ramón Piñeiro.

As festas durarán 5 días dende o luns 11 ata o venres 15 de maio.

#### **Os luns e o martes:**

Os alumnos/as de educación infantil pintarán o cartel que anuncia as festas .

Os alumnos/as de primaria elaboran as serpentinas con fitas de cores para adornar o campo da festa, neste caso as clases.

Farase da seguinte maneira: os de primeiro ciclo decorarán as fitas con palabras bonitas que teñan unha ou dúas sílabas. Os de segundo ciclo con palabras trisílabas e os de terceiro ciclo con palabras polisílabas .

Os alumnos/as de primeiro e segundo curso de ESO escriben o pregón que se lerá o venres, día do patrón, neste caso o día das Letras.

As familias tamén terán o seu protagonismo, pois na entrada do centro colocárase un libro en branco onde durante toda a semana irán escribindo cada pai/nai a palabra ou palabras, poema, frase, trabalinguas, refrán, sorte, que máis lles guste e por suposto asinarán e farán constar a data .

**O mércores:** O MONUMENTO DAS PALABRAS : Para E. Infantil, E. Primaria e ESO.

ACTIVIDADES.

Todos os alumnos/as traerán da súa casa unha caixa de zapatos envolta en papel branco ou de cor.( Pódese pór unha cor diferente para cada clase )

Os alumnos/as de Infantil de tres e catro anos decorarán a súa caixa coas pegadas das súas mans e os de 5 anos poden recortar ou escribir nomes de animais, flores, froitas ....

Os alumnos/as de primeiro escribirán e ilustrarán a súa caixa, na clase, con nomes de cousas relacionadas coas festas.

Os alumnos/as de 2º con nomes de comidas típicas do noso pobo.

Os alumnos/as de 3º e 4º con adiviñas, instrumentos musicais de Galicia

Os alumnos/as de 5º e 6º con poemas e refráns relacionados co mes de maio ou co teu pobo.

Os alumnos/as de 1º e 2º de ESO con poemas, ben feitos por eles.... ou unha actividade que dá moito xogo é repartir poemas diferentes aos alumnos, recortar as palabras , mesturalas e logo crear distintos poemas con elas.

Despois de facer isto, buscade as palabras que máis vos gusten, especialmente substantivos, adxectivos e verbos; recortádeos e repete o xogo anterior .

Saíu algo bonito? Pois escribídeo e decorádeo para ilustrar a vosa pedra do monumento.

Cada clase pegará as distintas caixas para levantar o seu monumento que logo unirán, se se quere, cos dos distintos grupos para formar un único monumento que se pode colocar na pista do centro ou no lugar que teñamos máis axeitado.

**O xoves:** HOMENAXE A RAMÓN PIÑEIRO.

RECURSOS.

Visionado do vídeo: [Ramón Piñeiro, o neno que quería ver o tren](#)

Visionado do Power point sobre Ramón Piñeiro.

Biografía de Ramón Piñeiro.

ACTIVIDADES .

Educación Infantil: 3 e 4 anos -pintarán de cores o nome de Ramón Piñeiro.

5anos – Pintarán o seu nome, o nome do seu lugar e a casa onde naceu.

Os alumnos de primeiro ciclo de primaria escribirán o nome do homenaxeado e o do seu lugar de nacemento cunha técnica semellante a que facía Ramón cando era pequeno. Nun folio escribirán cunha candeia de cera o seu nome... , logo pasaremos témpera diluída en auga cun pincel e veremos como quedan as pegadas das letras, pois enriba da cera non se adhire a témpera ( imitaremos así a Ramón cando era cativo).

Os de segundo ciclo de primaria imaxinarán e pintarán o tren que viu Ramón por primeira vez na estación de Sarria (Lugo).

Os alumnos de terceiro ciclo de primaria farán a biografía do autor nun DIN A3 a xeito de cómic .

Os alumnos de 1º e 2º da ESO crearán O ALFABETO PARA O ENTENDEMENTO. "CON G DE GALEGO"

Ramón Piñeiro foi un home que facilitou o diálogo sempre.

Entón co lema "Un alfabeto para o diálogo a reflexión e o entendemento"

Constaría de 23 palabras cun significado moi especial. Cada alumno/a indicaría un significado de cada unha delas.

A suma de todas as achegas integran un folleto (libro) que dará pé á reflexión escolar e familiar en todos os ámbitos de relación.

**Venres :**” O DÍA GRANDE.

Cada centro organiza ao seu modo.

Lectura do pregón

Exposición do traballo feito.

Non pode faltar outro dos símbolos de Galicia: O HIMNO.( power point)

Roscas para todos /as

## **4.- AVALIACIÓN**